

## **A REVISTA DE CIENCIAS PENALES COMO EXPERIENCIA PEDAGÓGICA INNOVADORA\***

Miguel Abel Souto\*\*

Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Abel Souto, axudante da área de Dereito penal, integrada no Departamento de Dereito público especial da Universidade de Santiago de Compostela, e Director da *Revista de Ciencias Penales*, *Revista de la Asociación Española de Ciencias Penales* (CIF: G-61589669), presentou, como profesor responsable da experiencia educativa innovadora, ó segundo premio convocado polo ICE na Área de Ciencias Sociais, A DIRECCIÓN E XESTIÓN DA *REVISTA DE CIENCIAS PENALES* nestes tres últimos anos reflectida no Vol. 1, nºs 1 e 2 de 1998, publicados en 1999, no Vol. 2 de 1999, editado no 2000, así como no Vol. 3 de 2000, que viu a luz no ano 2001, Revista que, segundo a resolución do Centro Nacional Español de ISSN, figura identificada cos seguintes elementos: ISSN 1130-7270 e título *Revista de Ciencias Penales (Santiago de Compostela)*.

### **OBXECTIVO**

O principal cometido da Asociación Española de Ciencias Penais consiste na creación da *Revista de Ciencias Penales* para fomenta-la calidade e a innovación educativa na Universidade a través da dirección, corrección, selección e, se procede, a publicación de traballos elaborados por estudantes de primeiro, segundo e terceiro ciclo, de maneira que se impulsen os procesos de mellora do ensino-aprendizaxe, posto que é fundamental cos universitarios saiban ler e escribir, que sexan capaces de ir máis aló dun manual, adentrándose no mundo das monografías e os artigos, que comprendan os seus

---

\* O presente traballo foi galardoado nos Segundos Premios á Innovación Educativa na Universidade.

\*\* Área de Dereito penal.

contidos e os asimilen advertindo as implicacións que teñen mediante unha lectura crítica e que logo sexan quen de transmitirlos coas súas verbas nunha publicación, pois consonte á filosofía da linguaxe, introducida por Wittgenstein e hoxe imperante, só se pode dicir que sabemos algo cando somos capaces de expresalo coas nosas verbas.

Xunto con este obxectivo de aprendizaxe destinado ós estudantes de primeiro e segundo ciclo, a *Revista de Ciencias Penales* tamén pretende, no eido do terceiro ciclo, ensinar a investigar.

Trátase da primeira revista científica dirixida ós alumnos que existe neste marco, na que os estudantes non só poden participar a través da publicación das súas primeiras contribucións, senón tamén na xestión da Revista, aprendendo a asumir responsabilidades, mediante a súa integración no Consello de Redacción.

## **INSTRUMENTOS**

Para acadalo obxectivo da calidade e da innovación educativa a Revista diseña uns órganos determinados e unha concreta estrutura da publicación.

Respecto ós órganos da Revista, existe un Consello Asesor, un Consello de Redacción e un Consello de Publicación.

O Consello Asesor está formado pola práctica totalidade dos Catedráticos de Dereito penal das Universidades públicas españolas que no seu día aceptaron a invitación que lles cursou o Director da Revista. O seu número ascende a sesenta e sete, de xeito que non hai no panorama comparado ningunha revista penal nacional nin internacional que integre a tantos e tan eminentes catedráticos no seu Consello Asesor. A función destes asesores e dobre: por unha banda, obríganse a publicar, na sección dos catedráticos invitados, algún traballo inédito de contido pedagóxico e cunha linguaxe asequible ós estudantes. Semellantes artigos funcionan como modelos dignos de ser imitados polos estudantes á hora de elaboralos seus primeiros traballos. Doutro lado, os membros do Consello Asesor comprométese a dirixir e corrixir ou encauzar os artigos dos estudantes da súa Universidade que pretendan acceder á Revista.

Polo que fai ó Consello de Redacción, nel están representadas tódalas delegacións que a *Asociación Española de Ciencias Penales* ten permanente-

mente abertas nas distintas Universidades; isto é: unha trintena, polo de agora. O Consello de Redacción está integrado normalmente por profesores ou estudantes de terceiro ciclo. Entre as súas funcións destacan a colaboración e auxilio na elaboración dos traballos e a tramitación das contribucións que concursan para a publicación na Revista.

Finalmente, atópase o Consello de Publicación, órgano formado na actualidade por doutores e que se encarga de selecciona-lo material que se vai a publicar. Para iso o Director recibe en Santiago de Compostela tódalas contribucións que pretenden acceder á Revista e remite, aleatoriamente, cada artigo a dous membros do Consello de Publicación, que teñen que devolvelo corrixido e puntuado. Seguidamente, o Director suma as dúas cualificacións e obtén unha nota media. Cando está a punto de saí-lo número publicado, o Director, en función das páxinas dispoñibles, fixa unha nota de peche (normalmente entre o 8,75 e o 9,25), de xeito que só se publican os artigos que a superen. Por último, o Director revisa as correccións propostas polos membros do Consello de Publicación, remite os orixinais á imprenta, examina as galeradas e encárgase da distribución dos exemplares e separatas.

Mais o obxectivo da calidade e maila innovación educativa non só se logra mediante a disposición duns órganos que garantan a elaboración, corrección e selección do material a publicar, senón que tódala estrutura da Revista encamiñase ó logro da innovación educativa.

Así, cada número comenza por unha sección na que se invita, por orde alfabética de listaxe, a varios Catedráticos do Consello Asesor a publicar un artigo, de modo que esta sección pretende ofrecer ós alumnos modelos a imitar á hora de redacta-los seus primeiros traballos.

Seguidamente ven a sección doutrinal, na que aparecen os artigos de estudantes que superaron a nota de peche xunto con contribucións dos seus profesores, de maneira que a Revista convírtese nunha canle de confluencia de docentes e alumnos, idea reflectida xa na portada da Revista que se decora coa "Escola de Atenas", fresco pintado por Rafael no que se representa como debería ser unha Universidade prototipo, onde aparecen os grandes pensadores da historia da humanidade dando clase e debatendo cos seus alumnos, profesores capaces de estimular ós estudantes no proceso de transmisión do coñecemento e que lles ensinen a debater, a ir alén da reprodución dos contidos obxecto de estudio, despertando así o espírito crítico do alumno. Por

outra banda, a elección da “Escola de Atenas” para a portada da Revista pretende pór de manifesto outro dos obxectivos da publicación; a saber: a renovación do profesorado, a busca de vocacións docentes invitando a iniciar a carreira universitaria, finalidade que tamén queda plasmada neste fresco que Rafael pintou na “Stanza de la Segnatura” da cidade do Vaticano, no que aparecen grandes mestres cos seus discípulos, pupilos que no correr dos anos convertíronse en mestres, como foi o caso de Sócrates, Platón e Aristóteles.

A continuación atópanse as notas de Dereito estranxeiro e comparado, sección na que publican os máis recoñecidos especialistas mundiais no eido das Ciencias penais, atendendo así a Revista ó senso universal que debe ter o coñecemento universitario, como indica a denominación latina da institución: “Universitas”. Aínda que nesta dimensión internacional da publicación préstaselle unha atención especial ás nacións do noso entorno xurídico tendendo pontes cara a Europa no marco da integración do espacio universitario europeo unificado que proclama a Declaración de Bolonia. Mais esta sección non só ofrece cánones a imitar polos alumnos nos seus traballos, senón que se presenta ela mesma como contribución dos alumnos de terceiro ciclo, que son os encargados de traducirlos orixinais, as máis das veces do alemán ó castelán, traducións que revisa o Director da Revista, de xeito que as notas de Dereito estranxeiro e comparado funcionan como un instrumento de ensino e aprendizaxe das linguas científicas estranxeiras máis difundidas e das súas técnicas de tradución.

No que atinxe ós Comentarios á Xurisprudencia, preséntanse como unha sección eminentemente práctica, onde os alumnos analizan o modo en que os tribunais aplican as normas e principios teóricos do Dereito, a procedencia ou improcedencia dos seus pronunciamentos. Así, foron postas en tela de xuízo, entre outras varias resolucións, coñecidas sentencias do noso Tribunal Supremo, *v. gr.*, a que excañcelou ós membros da mesa de “Herri Batasuna” e os casos “Filesa” e “Argentia Trust”, que levou a Mario Corde ó cárcere.

En canto ás recensións, esta sección está dirixida a estimular a capacidade de lectura crítica de monografías por parte dos estudantes e pretende se-la vía por onde se inicien os alumnos nas súas primeiras contribucións escritas.

E conclúe cada número da Revista cun noticiario, no que se informa ós estudantes das reformas lexislativas que tiveron lugar nos últimos meses, de maneira que a publicación serva como instrumento de permanente actualización do coñecemento. Así mesmo, dáse conta doutras novas de especial transcendencia social e que garden relación coas Ciencias penais. Finalmente, tamén se informa ós estudantes dos cursos, congresos, seminarios e premios que convocan as diversas Universidades públicas españolas, de xeito que ese fluxo de información cara ós alumnos fomente a súa participación en actividades organizadas por outras Universidades.

### **ÁMBITO DE APLICACIÓN E POSIBILIDADES DE AMPLIACIÓN E XENERALIZACIÓN A OUTROS CONTEXTOS**

A experiencia de innovación educativa foi dirixida dende a Área de Dereito penal da Universidade de Santiago de Compostela e afectou basicamente ó Departamento de Dereito público especial da nosa Institución así como ás facultades de Dereito e Institutos de Criminoloxía de toda España e a uns dos máis recoñecidos do estranxeiro. Non se trata tan só dunha experiencia innovadora en materias regradas como o Dereito penal ou a Criminoloxía senón que están chamadas a participar na *Revista de Ciencias Penales* tódalas disciplinas, xurídicas ou non xurídicas, que aporten algo ó estudio do delicto, do delincuente, da pena ou da vítima, dentro do concepto de Ciencia xurídico-penal totalizadora, de maneira que esta experiencia de ensino-aprendizaxe abrangue materias médicas, matemáticas, económicas, sociolóxicas, políticas, psicolóxicas, psiquiátricas, filolóxicas, filosóficas, etc., por exemplo, a medicina legal, a estatística aplicada á criminoloxía, a socioloxía criminal, a política criminal, a psicoloxía criminal, a psiquiatría criminal, a dogmática penal, a victimoloxía, a Ciencia penitenciaria, a penoloxía, ... Boa proba do carácter multidisciplinar do proxecto a constitúe a publicación de artigos como "Autopsia: a última auditoría" (*RCP*, vol. 1, nº 1, 1998, pp. 23-32), "Delictos e penas no Quijote" (*RCP*, vol. 1, nº 2, 1998, pp. 266-272), "Economía, eficiencia e eficacia nas institucións penais" (*RCP*, vol. 1, nº 2, 1998, pp. 317-344) ou "Crenzas e conviccións na educación e re-educación do menor á luz da Constitución, as Nacións Unidas e a Unesco" (*RCP*, vol. 2, nº 1, 1999, pp. 24-32).

Segundo queda visto, este tipo de práctica docente non só é susceptible de ser ampliada e xeneralizada a outros contextos do ensino superior, dentro

e fora da Universidade de Santiago, senón que de feito a experiencia abarcou a diversas materias regradas e a múltiples universidades nacionais e tamén internacionais.

Con todo, aínda cabe unha maior xeneralización noutros contextos de ensino superior creando revistas e asociacións similares, con análoga estrutura e funcionamento, nas grandes áreas de coñecemento, *v. gr.*, en Humanidades, Tecnoloxía, Ciencias Experimentais e da Saúde.

### **INCIDENCIA NA MELLORA DO ENSINO E DA APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE**

A presente experiencia de innovación educativa incidiu de maneira evidente na mellora do ensino e da aprendizaxe no eido universitario, xa que se lles transmitiu ós alumnos a forma de elaborar un artigo, as regras de cita, cómo distinguir nos escritos as opinións propias das alleas, os elementos esenciais dunha recensión crítica, o xeito de abordar unha traducción, etc.

Así mesmo, a experiencia conlevou a elaboración de materiais, concretamente os catro números da *Revista de Ciencias Penales* que se adxuntaron como material complementario ós Segundos Premios á Innovación Educativa na Universidade.

Igualmente, a actividade implicou a adaptación ás novas tecnoloxías, tanto nos contidos dos artigos –paradigmáticos resultan os títulos “O documento electrónico no Código penal: infidelidade na custodia” e “Sobor do previsible futuro da protección de datos” (*RCP*, vol. 2, nº 1, 1999, pp. 230-253 e 254-263)– como na xestión da Revista, posto que mentres que ó principio os orixinais eran enviados ó Director da Revista por correo cunha copia impresa e acompañados do soporte informático, logo o Director fotocopiaba por duplicado cada traballo e remitíallo por correo a dous membros do Consello de Publicación para que ó corrixisen, puntuasen e devolvesen á Dirección por correo co fin de que ésta fusionase e homoxenizase as correccións nun terceiro exemplar e sumase as cualificacións para, finalmente, remitir á imprenta os soportes informáticos acompañados dos orixinais corrixidos, sendo todo este proceso seguido e controlado constantemente por vía telefónica. Sen embargo, actualmente a xestión da Revista incorporou as novas tecnoloxías, de maneira que o envío dos traballos á Dirección, ós membros do Consello de Publicación e á imprenta así como as correccións

e puntuacións fanse con axuda do correo electrónico, co correspondente aforro en tempo e custos de fotocopiado, correos e teléfono.

Tamén supuxo a experiencia unha innovación nas prácticas, posto que ante todo trátase da elaboración de traballos nos que os alumnos apliquen á análise da realidade os seus coñecementos teóricos, especialmente na sección de Comentarios á Xurisprudencia, onde se pon en tela de xuízo a práctica xudicial.

Por outra banda, innovador resulta, igualmente, o xeito de abordalos contidos dos programas, dado que tódalas contribucións diríxense a respostar preguntas prantexadas en relación con epígrafes dos programas relativos a materias regradas.

Por último, a acción titorial viuse especialmente estimulada, na mediada en que os alumnos facían frecuente uso das horas de titorías para solventalos atrancos que se atopaban na busca de fondos bibliográficos, na consulta de repertorios sobre lexislación e xurisprudencia, na forma de analiza-los problemas, na viabilidade das súas primeiras ideas, etc.

## **VALORACIÓN DOS BENEFICIOS QUE SUPUXO A EXPERIENCIA**

A valoración da experiencia dentro da Universidade de Santiago é sumamente positiva. Amén da estimulación nas titorías que supuxo este proxecto, a implicación do alumnado na experiencia foi moi elevada.

De feito, o presente programa inscríbese no marco das políticas de avaliación e calidade que, aparte dunha esixencia da LOU, constitúen unha tendencia internacional nas universidades dos países máis avanzados.

Precisamente, o obxectivo de fomentar a calidade conseguiuase a través da avaliación dos traballos, elaborados por alumnos de tódalas Universidades españolas e dirixidos por profesores das Universidades de procedencia, mediante a corrección por membros dun Consello de Publicación imparcial pertencentes a doce Universidades distintas. Proba evidente do nivel de calidade acadado é que entre os traballos publicados na *Revista de Ciencias Penales* figuran os primeiros premios dos Congresos de alumnos celebrados en España, como os de Salamanca, Barcelona, Alicante, Sevilla, Zaragoza, etc., e nin sequerá tódolos primeiros premios dos Congresos acceden á Revista, posto que ó se-la Asociación Española de Ciencias Penais un

organismo autónomo ningún traballo goza do privilexio da publicación automática, de xeito que tódolos artigos pasan polo Consello de Publicación, de maneira que traballos que non foron presentados a ningún premio poden recibir maior cualificación cos artigos galardoados en congresos, desprazando na publicación mesmo a primeiros premios, como xa foi o caso máis dunha vez.

Concretamente, entre os alumnos da Universidade de Santiago que lograron supera-la nota de peche para acceder á Revista, en competencia con estudantes doutras Universidades, encóntranse José Blanco Pampín, estudante de terceiro ciclo na Facultade de Medicina, Eva Pérez Yáñez, alumna do Instituto de Criminoloxía da Universidade de Santiago, o traductor do artigo “Localización de ganancias: agora co Dereito penal”, obra do maxistrado do Tribunal Constitucional alemán Wienfried Hassemer; José Caamaño Alegre, estudante de terceiro ciclo no Departamento de Economía Aplicada, Luz María Puente Aba, estudante do Instituto de Criminoloxía da USC, Víctor Santos Montañés, alumno de segundo ciclo da Facultade de Dereito da USC, Carlos Teijo García, estudante de terceiro ciclo da área de Dereito internacional público, así como o autor dos artigos “O encubrimento”, “Algunhas consideracións sobor da receptación e outras conductas afíns no Código penal de 1995” e “Antecedentes europeos remotos da receptación en Grecia, Roma e os pobos xermánicos”.

### **ESTIMACIÓN DO GRAO POSIBLE DE PERMANENCIA DA MELLORA ACADADA**

A permanencia das melloras acadadas por esta experiencia de innovación educativa depende do financiamento, posto que o custo de edición de cada número da Revista ascende a uns 5.000 euros e sempre resulta difícil conseguir ese capital a través de subvencións.